

CONCELLO DE
OLEIROS

Certificado

M^a Pilar Cela Alvarez, secretaria accidental do Concello de **Oleiros** (A Coruña).-

CERTIFICO:

Que na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día 31 de maio de 2024, adoptouse o acordo seguinte:

“Punto 5.- Aprobación, se procede, do expediente de contratación do “Servizo de limpeza de centros públicos municipais”

“Por proposta da Área de Servizos Municipais, Servizos Sociais e Centro de Formación remítense ao departamento de Contratación expedientes de gasto propoñendo a contratación dun servizo denominado “LIMPEZA DE CENTROS PÚBLICOS DO CONCELLO DE OLEIROS” e á vista dos seguintes antecedentes:

1. Con data de 10 de maio do 2024 e tras varias reunións e comunicacións entre os departamentos, as áreas de Servizos Municipais, Servizos Sociais e Formación e emprego asinan o Prego de Prescricións Técnicas e a Memoria xustificativa para a contratación do servizo de limpeza de centros públicos do Concello de Oleiros. Así, os expedientes de gasto respectivos (2024/EGSER/000023, 2024/EGSSO/000003 e 2024/EGFAB/000059) conteñen a información técnica e propostas de gasto pertinentes para a tramitación do contrato.
2. En canto á xustificación da necesidade de contratación, argumentase que é necesario contar cun sistema áxil para a substitución do persoal que permita ter cuberto en todo momento o servizo de limpeza, sobre todo naqueles centros nos que a limpeza é un servizo imprescindible (centros de ensino, libre concorrencia ...).


O Concello de Oleiros non dispón de persoal dabondo para poder prestar o servizo con persoal propio.

A limpeza das instalacións administrativas e de ensino é un servizo básico para o correcto funcionamento da Administración. Non proceder á limpeza dos centros administrativos suporía un incumprimento do sinalado na LPRL, xa que dacordo co sinalado no RD Real Decreto 486/1997, de 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.

3. Consonte ao anterior, as características da contratación a realizar detállanse no seguinte cadro:

TIPO DE CONTRATO	Contrato de servizos		
OBXECTO DO CONTRATO	SERVIZO DE LIMPEZA DE CENTROS PÚBLICOS DO CONCELLO DE OLEIROS		
PROCEDEMENTO CONTRATACIÓN	Procedemento aberto ordinario	TIPO DE TRAMITACIÓN	ordinaria
CÓDIGO CPV	<ul style="list-style-type: none">• 90911000-6 Servizos de limpeza de vivendas, edificios e ventanas• 45452000-0 Traballos de limpeza exterior de edificios• 90919300-5 Servizos de limpeza de centros de ensino		
VALOR ESTIMADO	<u>Lote 1</u> : 2.651.432,06 € <u>Lote 2</u> : 950.667,84 € <u>Lote 3</u> : 428.876,50 € <u>Lote 4</u> : 105.775,30 € <u>TOTAL</u> : 4.136.751,70 €	REGULACIÓN HARMONIZADA	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non





**CONCELLO DE
OLEIROS**

ORZAMENTO BASE SEN IVE	Lote 1: 1.104.763,36 € Lote 2: 396.111,60 € Lote 3: 178.698,54 € Lote 4: 44.073,04 € TOTAL: 1.723.646,54 €	IVE (21%)	Lote 1: 232.000,31 € Lote 2: 83.183,43 € Lote 3: 37.526,70 € Lote 4: 9.255,34 € TOTAL: 361.965,78 €	ORZAMENTO BASE IVE INCL.	Lote 1: 1.336.763,67 € Lote 2: 479.295,03 € Lote 3: 216.225,24 € Lote 4: 53.328,38 € TOTAL: 2.085.612,32 €
DURACIÓN DA EXECUCIÓN	DOUS (2) anos		PRÓRROGAS	Dúas de UN (1) ano cada unha	
NECESIDADE A SATISFACER	Contratación dun servizo de limpeza para diversos centros públicos pertencentes ao Concello de Oleiros, como son colexios, escolas infantís e edificios administrativos, entre outros.				

Así, pola Concelleira delegada de Contratación emitíuse Providencia que figura no expediente, instando á incoación do procedemento para a súa contratación, por medio de procedemento aberto con diversidade de criterios de avaliación.

En vista do anterior, elaboráronse os pregos de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a súa contratación mediante procedemento aberto, e procédese á emisión pola Secretaría Municipal de informe xurídico preceptivo sobre o procedemento a seguir para a contratación do servizo, que figura no expediente

O contrato de servizos terá unha duración de 2 anos, con posibilidade de establecer dúas prórrogas dun ano cada unha. No eido económico, a cuantía do presente contrato distribúese do seguinte xeito:

LOTE	ORZAMENTO SEN IVE	IVE 21%	TOTAL
lote 1	1.104.763,36 €	232.000,31 €	1.336.763,67 €
lote 2	396.111,60 €	83.183,43 €	479.295,03 €
lote 3	178.698,54 €	37.526,70 €	216.225,24 €
lote 4	44.073,04 €	9.255,34 €	53.328,38 €
TOTAL	1.723.646,54 €	361.965,78 €	2.085.612,32 €

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS	61.323.21205 - Ensino.EPP.Mantnmento edif.centros educativos 61.920.22799 - A.X.Serv. Municip.Outros ctos. prest.serv. 70.231.22799 - Asistencia Social. Outros contratos prest.servizo. 81.2410.22799-Centro M.Form. Contratos prestación servizos				
VALOR ESTIMADO					
CONCEPTO	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3	LOTE 4	TOTAL
DURACIÓN INICIAL: 2 ANOS SEN IVE	1.104.763,36 €	396.111,60 €	178.698,54 €	44.073,04 €	1.723.646,54 €
PRÓRROGAS PREVISTAS	1.325.716,03 €	475.333,92 €	35.739,71 €	8.814,61 €	1.845.604,27 €
MODFI. 20%	220.952,67 €	79.222,32 €	214.438,25 €	52.887,65 €	567.500,89 €
TOTAL VALOR ESTIMADO	2.651.432,06 €	950.667,84 €	428.876,50 €	105.775,30 €	4.136.751,70 €

Pola contía do seu valor estimado, que ascende a 4.136.751,70 €, o contrato atópase suxeito a regulación harmonizada.

Visto que, no relativo á financiación, se emitiu informe pola intervención municipal con data 21 de maio de 2024, no que manifesta a existencia de consignación orzamentaria e se fiscaliza de conformidade o expediente, realizando as seguintes Retencións de Crédito (RC):



LOTE	ANUALIDADE	PARTIDA ORZAMENTARIA	DOCUMENTO RC	IMPORTE
1	2024	61.323.21205	RC 202400018394	167.095,46 €
	2025		RCFUT1 202400018396	724.080,32 €
	2026		RCFUT2 202400018398	445.587,89 €
	TOTAL LOTE 1			1.336.763,67 €
2	2024	61.920.22799	RC 202400018395	59.911,88 €
	2025		RCFUT1 202400018397	259.618,14 €
	2026		RCFUT2 202400018399	159.765,01 €
	TOTAL LOTE 2			479.295,03 €
3	2024	70.231.22799	RC 202400016000	36.037,54 €
	2025		RCFUT1 202400016001	108.112,62 €
	2026		RCFUT2 202400016002	72.075,08 €
	TOTAL LOTE 3			216.225,24 €
4	2024	81.2410.22799	RC 202400016027	8.888,06 €
	2025		RCFUT1 202400016029	26.664,19 €
	2026		RCFUT2 202400016093	17.776,13 €
	TOTAL LOTE 4			53.328,38 €
TOTAL				2.085.612,32 €

Tal e como establece o artigo 174.1 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e o R.D 500/90 que a desenvolve, a autorización e o compromiso deste gasto subordinarase ao crédito que para o exercicio 2025 e 2026 se consigne no respectivo orzamento.

Consonte ao establecido na D.A .2.ª, apartados 9, 10 e 11 da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a competencia para a adxudicación do contrato recaería sobre o Pleno do Concello de Oleiros, ao superar a duración de catro anos, se ben o Pleno delegou as súas competencias neste punto á Xunta de Goberno Local mediante acordo de 26 de xuño de 2023 (BOP nº 125 do día 3 de xullo de 2023).

Xa que logo, no uso das facultades delegadas polo Pleno da Corporación mediante Acordo do Pleno de acordo de 26 de xuño de 2023 (BOP nº 125 do día 3 de xullo de 2023), procede que a Xunta de Goberno Local adopte o acordo seguinte:

PRIMEIRO.- Aproba-lo expediente administrativo para a contratación - por medio de procedemento aberto harmonizado con multiplicidade de criterios de avaliación-, do contrato de "LIMPEZA DE CENTROS PÚBLICOS DO CONCELLO DE OLEIROS", polos importes que se detallan a continuación. O prazo de execución do referido contrato é de 2 anos, prorrogable mediante 2 prórrogas de 1 ano cada unha, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a 4.136.751,70 €.

LOTE	ORZAMENTO SEN IVE	IVE 21%	TOTAL
lote 1	1.104.763,36 €	232.000,31 €	1.336.763,67 €
lote 2	396.111,60 €	83.183,43 €	479.295,03 €



lote 3	178.698,54 €	37.526,70 €	216.225,24 €
lote 4	44.073,04 €	9.255,34 €	53.328,38 €
TOTAL	1.723.646,54 €	361.965,78 €	2.085.612,32 €

SEGUNDO.- Aproba-lo prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares que regularán esta licitación, así como a documentación que figura no expediente da presente contratación.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto correspondente que comporta o presente contrato, unha vez que xa foi retido o crédito segundo se desprende das operación “RC” que se sinalan a continuación:


LOTE	ANUALIDADE	PARTIDA ORZAMENTARIA	DOCUMENTO RC	IMPORTE
1	2024	61.323.21205	RC 202400018394	167.095,46 €
	2025		RCFUT1 202400018396	724.080,32 €
	2026		RCFUT2 202400018398	445.587,89 €
	TOTAL LOTE 1			1.336.763,67 €
2	2024	61.920.22799	RC 202400018395	59.911,88 €
	2025		RCFUT1 202400018397	259.618,14 €
	2026		RCFUT2 202400018399	159.765,01 €
	TOTAL LOTE 2			479.295,03 €
3	2024	70.231.22799	RC 202400016000	36.037,54 €
	2025		RCFUT1 202400016001	108.112,62 €
	2026		RCFUT2 202400016002	72.075,08 €
	TOTAL LOTE 3			216.225,24 €
4	2024	81.2410.22799	RC 202400016027	8.888,06 €
	2025		RCFUT1 202400016029	26.664,19 €
	2026		RCFUT2 202400016093	17.776,13 €
	TOTAL LOTE 4			53.328,38 €
TOTAL				2.085.612,32 €

Tal e como establece o artigo 174.1 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e o R.D 500/90 que a desenvolve, a autorización e o compromiso deste gasto subordinarase ao crédito que para o exercicio 2025 e 2026 se consigne no respectivo orzamento.

CUARTO.- Abrir a fase de licitación do contrato mediante a publicación do anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil do contratante do Concello de Oleiros, para que se poidan presentar as ofertas que se estimen oportunas no prazo de 15 días naturais contados desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea. Procédese á redución do prazo de 35 días naturais fixados pola lei no artigo 156.2 LCSP por terse publicado previamente anuncio previo de licitación previsto no artigo 134 da LCSP, admitíndose así as reducións previstas no apartado 3 do artigo 156 LCSP.

QUINTO.- Dar traslado aos departamentos municipais correspondentes e aos interesados, debido aos efectos implícitos ao acto administrativo, así como ao servizo responsable do expediente aos efectos oportunos.





CONCELLO DE
OLEIROS

SEXTO.- Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer os seguintes recursos:

1. Con carácter potestativo poderá vostede interpor recurso especial en materia de contratación previsto no art. 44 do LCSP, o cal se presentará no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso ou naqueles indicados no art. 51 LCSP, dentro do prazo de quince días hábiles, a contar desde o día seguinte ó de recepción da notificación desta resolución.

Con carácter previo e dentro do mesmo prazo, deberá anunciarlle ao órgano de contratación a intención de interpoñelo, especificando o acto do procedemento que vai ser obxecto de recurso.

2. Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso, se fose presunto, o prazo será de seis meses a partires do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da cidade da Coruña, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

O anterior enténdese sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), de formulación da solicitude do artigo 106.1 LPACAP ou de interposición de calquera outro recurso que se estime procedente”.

E para que conste expido este certificado de conformidade co que dispón o artigo 204 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do alcalde e coa advertencia á que fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, asinado dixitalmente polo alcalde e por min, secretaria accidental, na data que figura na propia sinatura deste documento.-

